



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Publicación edicto padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Campamento urbano de verán 2026” (1ª, 2ª, 3ª e 4ª quenda)

ANUNCIO

Publicación edicto padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Campamento urbano de verán 2026” (1ª quenda: do 1 ao 15 de xullo de 2026, 2ª quenda: do 16 ao 31 de xullo de 2026, 3ª quenda: do 3 ao 14 de agosto de 2026 e 4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto de 2026).

Por resolución da alcaldesa núm. 626/2026 de data 20 de agosto de 2026, acordouse:

Primeiro: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Campamento urbano de verán 2026” (1ª quenda: do 1 ao 15 de xullo de 2026), que comprende 164 recibos e 17 cotas 0, dun total de 109 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de sete mil trescentos trinta e sete euros (7.337,00 €)

Segundo: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Campamento urbano de verán 2026” (2ª quenda: do 16 ao 31 de xullo de 2026), que comprende 151 recibos e 14 cotas 0, dun total de 94 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de sete mil cincocentos vinte e sete euros con sesenta céntimos (7.527,60 €)

Terceiro: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Campamento urbano de verán 2026” (3ª quenda: do 3 ao 14 de agosto de 2026), que comprende 113 recibos e 5 cotas 0, dun total de 75 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de catro mil novecentos corenta e nove euros (4.949,00 €),

Cuarto: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: “Campamento urbano de verán 2025” (4ª quenda: do 18 ao 29 de agosto de 2025), que comprende 32 recibos e 1 de cota 0, dun total de 32 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de mil oitocentos vinte e seis euros (1.826,00 €),

Quinto: Expor ao público os datos incorporados aos padróns que se aproban, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, os padróns aprobados estarán a disposición do público nas oficinas do Departamento de Educación sitas na rúa Río Barcés nº 6 (A Barcala).

Sexto: Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá desde o 23/09/2026 ao 23/11/2026, ambos os dous incluídos. Transcurrido o mesmo procederá a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do período voluntario de pago.

Sétimo: Dar conta da resolución á Tesourería e a Intervención municipal a traves da plataforma TEDEC.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-

administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cambre, 21 de agosto de 2026

A alcaldesa

Diana Piñeiro Fernández

2026/5609